

Código do curso	LIN-25-075
Denominación	O TRAUMA COMO RESPOTA Á VIOLENCIA
Persoas destinatarias	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
Número de horas	20
Datas	Do 06/10/2025 ao 31/10/2025
Metodoloxía	Teórica
Obxectivos	• Coñecer os efectos do trauma e a violencia nas e nos menores e como se manifesta emocional e comportamentalmente • Desenvolver habilidades para identificar sinais de trauma na infancia e na adolescencia • Aplicar intervencións terapéuticas e educativas para apoiar a recuperación das e dos menores traumatizados. • Fomentar a colaboración entre familia, escola e profesionais para a protección e recuperación das e dos menores vítimas de violencia. • Sensibilizar a comunidade sobre a importancia de atender e apoiar as nenas e nenos que viven situacións de violencia.
Contido	Módulo 1. Introducción ao trauma infantil • Que é o trauma? • Definición de trauma e as súas implicacións no desenvolvemento infantil • Tipos de trauma: agudo, crónico e complexo • Como a violencia afecta o desenvolvemento emocional, cognitivo e social das e dos menores. Módulo 2. Tipos de violencia que causan trauma en menores • Violencia física e emocional: como cada tipo de violencia pode afectar o neno de maneira diferente • Abuso sexual infantil: consecuencias emocionais e psicolóxicas a longo prazo • Violencia doméstica e violencia de xénero: como lles afecta ás nenas e nenos indirectamente. • impacto da desprotección social e institucional nas nenas e nenos expostos á violencia Módulo 3. A Resposta psicolóxica ao trauma en menores

	• Reaccións emocionais ao trauma: medo, ansiedade, culpa, tristeza e ira. • Comportamentos resultantes do trauma: depresión, agresividade, retraemento e dificultades nas relacións sociais • Mecanismos de defensa nas e nos nenos traumatizados: negación, disociación, minimización. • Como a exposición á violencia pode alterar a percepción da realidade e a seguridade na infancia. Módulo 4. Diagnóstico e identificación do trauma en menores • Sinais e síntomas do trauma en menores: Indicadores emocionais, físicos e comportamentais. • Métodos de avaliación: entrevistas, observación, e ferramentas psicométricas • Como diferenciar entre respostas normais e patolóxicas ao trauma • A importancia dunha avaliación temperá para intervencións efectivas. Módulo 5. Intervencións terapéuticas para menores con trauma • Enfoques terapéuticos: terapia cognitivo-condutual, terapia de xogo e terapia baseada en <i>mindfulness</i>. • A importancia da seguridade e da estabilidade no proceso terapéutico • Como traballar con nenas e nenos traumatizados en situacións de violencia • Estratexias de intervención para mellorar a regulación emocional, a autoestima e as relacións sociais Módulo 6. O rol da familia e da escola na recuperación do trauma • Como a familia pode apoiar o proceso de recuperación da ou do neno traumatizado • impacto da violencia no ambiente familiar e importancia de restaurar a normalidade • A implicación da escola no apoio ao neno traumatizado: sensibilización das e dos mestres e apoio na aula • Como fomentar un ambiente seguro e protector na casa e na escola Módulo 7. Prevención e sensibilización sobre o trauma infantil
--	--

	• Prevención primaria, secundaria e terciaria no ámbito escolar e social • Educación e sensibilización da sociedade sobre o trauma infantil • Creación de estratexias preventivas nas escolas e comunidades para reducir o risco de violencia • Papel das políticas públicas na protección das e dos menores vítimas de violencia Módulo 8. Estudo de casos • Análise de casos reais: como aplicar as intervencións terapéuticas a casos específicos de trauma • Estratexias que melloran a intervención e o apoio ás nenas e nenos traumatizados
--	--